CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza e diferencia autónomamente os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e doutros soportes.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actua con empatía e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecendoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta á diversidade lingüística, cultural e artística dos países angloparlantes como enriquecemento persoal e co interese por compartir elementos culturais e lingüísticos sustentables e democráticos.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplica estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas</li> </ul>

## Contidos

- dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía favorecerá o traballo individual e (de ser posible) tamén o traballo en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

Consecuentemente, imos adoptar o método de interacción social, potenciando (de ser posible) o traballo en grupo dos alumnos, así como a súa responsabilidade para a aprendizaxe sen unha supervisión continua. Por iso, consideramos básico o desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe como medio para implicar ao alumno no seu propio traballo, facéndolle tomar decisións que se axusten ás súas preferencias e características propias, e favorecendo o desenvolvemento da súa autoestima e identidade persoal. O alumno ten que ser consciente do seu rendemento, dos seus logros e das súas carencias, de maneira que as actividades de auto-avaliación redunden nunha aprendizaxe máis eficaz.

A adopción deste enfoque comunicativo non implica, con todo, que non se valoren os aspectos positivos doutros modelos como son a figura do profesor como axuda e guía para o alumno e o apoio ao alumno individual do modelo persoal.

Asemade, os contidos introducíranse en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica; e a súa presentación farase no marco das correspondentes tarefas e de forma integrada coas necesidades lingüísticas para levar a cabo a tarefa, a acción, con corrección e coherencia.

Tratase de converter-la clase nun lugar de ensaio de situacións habituais na comunicación humana, tanto oral como escrita. Proporcionaranse cantas ferramentas lingüísticas sexan precisas para poder aplica-las, do xeito máis auténtico, en contextos reais de comunicación onde demostrar o grao máis óptimo de dominio das destrezas

comunicativas cun grao de corrección adecuado á idade e nivel do alumnado.

A motivación é algo fundamental en calquera clase, e na clase de lingua estranxeira ten unha especial relevancia. Debemos captar a atención do alumnado, espertar curiosidade, interese, etc. Hai moitas tácticas para atraer a motivación do alumnado. Entre elas está a elección de temas e actividades que poidan resultar interesantes para os adolescentes e materiais que lles resulten atractivos. Débense variar frecuentemente as actividades dentro da aula.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Ordenador, tablet ou móbil.
2. Libro de texto e caderno de traballo anexo en formato impreso e dixital. (Energize 1 (2020) (Student`s book e Workbook), Oxford University Press).
3. Dicionarios e libros de referencia gramatical ou léxica en formato impreso ou dixital.
4. Plataforma educativa EDIXGAL.
5. Aplicación educativa ABALAR móbil.
6. Aplicación para videoconferencia WEBEX.
7. Sitios web con recursos ou actividades online ou offline, realizables en entorno dixital ou en formato impreso.
8. Arquivos de audio e video en formato físico (CD, DVD, BR) ou de procedencia dixital ou online.
9. Readers ou lecturas graduadas en lingua estranxeira.
10. Revistas, folletos, catálogos e outros libros impresos ou en formato dixital.
11. Formularios, cadernos de apuntes ou esquemas de repaso de procedencia editorial impresa ou dixital ou de autoría do profesorado ou doutros autores.
12. Karaoke: sitios web e arquivos dixitais de cancións pop e rock para aprende-la lingua inglesa cantando.
13. Sitios e aplicacións web de medios de comunicación de países angloparlantes.

1. Ferramentas de traballo dixital propias ou emprastadas ao alumnado pola Consellería e compatibles para a busca de información, a edición e resolución de tarefas, o contacto entre alumnado/familias e profesorado e de amplo espectro ó permitir a multiplicidade e compatibilidade de uso para as distintas materias do currículo por su inclusión nas plataformas educativas EDIXGAL e ABALAR.

2. A editorial acompaña unha versión dixital do libro e un banco de actividades complementario que se pode atopar nas aplicacións dixitais e nos sitios web da editorial Oxford University Press. Estos recursos e aplicacións proporcionanlle ao alumnado actividades interactivas de práctica do vocabulario e gramática traballados nos materiais impresos, vídeos con actividades de comprensión relacionados cos contidos tratados nas unidades didácticas en clase ou actividades interactivas para traballar a competencia comunicativa.

3. Dicionarios e gramáticas son materiais de referencia e consulta imprescindibles que completarán as urxencias e as dúbidas que referidas ós contidos de vocabulario e gramática xurdan no alumnado, ben na aula como na súa práctica persoal na casa.

4. A plataforma educativa EDIXGAL de libro de texto dixital complementario servirá para completar e complementar



coa creación dun libro dixital por nivel e grupo que complementará as unidades didácticas contidas en ambos libros e ampliará, resumirá, esquematizará e facilitará os contidos traballados nas unidades didácticas tal e como se presentan nos materiais impresos.

5. A aplicación ABALAR móbil servirá como ferramenta complementaria para achegarlles información complementaria e anuncios relacionados coa actividades lectivas ó alumnado e as súas familias e para transmitirles puntualmente calquer informe solicitado ao profesorado sobre a evolución académica do alumnado na materia.

6. A aplicación WEBEX para a realización de videoconferencias servirá para completar as clases con sesións online de haber problemas de asistencia ou conectividade ao centro educativo por calesquera que sexan as razóns que impiden ao alumnado un normal seguimento da actividade lectiva.

7. Os distintos sitios ou aplicacións web que proven recursos ou actividades online ou offline, sexan realizables en entorno dixital ou en formato impreso, traten os contidos desenvolvidos nas unidades didácticas programadas, formen parte das actividades lectivas da materia (tanto no traballo de aula como na retroalimentación da actividade lectiva que debe seguir o alumnado pola súa conta) e que estean adaptadas ao nivel do alumnado son recursos imprescindibles e non desdeñables no ensino curricular da lingua estranxeira, aparte de crear sinergias interactivas co alumnado.

8. Os arquivos de audio e video en formato físico (CD, DVD, BR) ou de procedencia dixital ou online (google, skype, youtube, etc.), tanto de entornos reais ou simulados vencellados a falantes nativos de primeira lingua ou falantes de segunda lingua que domiñan e se expresan con fluidez na lingua inglesa, como as prácticas que leve a cabo o alumnado no seu aprendizaxe da lingua estranxeira son elementos necesarios para reforza-lo aprendizaxe, corrixir erros e propicia-lo uso da lingua inglesa como ferramenta de comunicación con outros falantes e como fonte de enriquecemento persoal .

9. As lecturas adaptadas e graduadas de textos en lingua estranxeira, tanto en edición impresa como en formato dixital, serven para fomentar o proceso e a práctica lectora como recursos imprescindibles para articular-lo coñecemento das destrezas lingüísticas implicadas no desenrolo da capacidade comunicativa na lingua estranxeira, así como para dar a coñece-la cultura e a sociedade dos autores e dos países angloparlantes. Asemesmo, amplían a visión do alumnado a traves de lectura, ampliando a súa empatía e respecto a outras formas de expresión literaria e artística e fomentan a súa capacidade crítica e poden incentivar valores como a sustentabilidade, o emprendemento, a intercomprensión entre persoas de diferente orixe e identidade nacional, sexual, relixiosa, ideolóxica, social, cultural e potencia-los valores de democracia e tolerancia.

10. As revistas, folletos, catálogos e outros libros impresos ou en formato dixital tamén colaboran no fomento do proceso e da práctica lectora como un recurso real, auténtico e actual que colabora na educación do coñecemento da distintos temas relativos á sociedade e a cultura dos países angloparlantes e dalle visos de verosimilitude, actualidade e cotidianidade o estudo da lingua inglesa.

11. Os formularios, cadernos de apuntes ou esquemas de repaso de procedencia editorial impresa ou dixital ou de autoría do profesorado, doutros autores e, inclusive, do alumnado son materiais de referencia e consulta complementarios que son outro recurso que axudará a solventar as lagoas urxentes e as dúbidas que referidas ós contidos de vocabulario e gramática xurdan no alumnado, ben na aula como na súa práctica persoal na casa. ó mesmo tempo, son recursos didácticos que implican a creatividade do profesorado e do alumnado.

12. Karaoke. Os sitios web e os arquivos dixitais en formato karaoke ou as versións instrumentais co engadido das letras que fomentan a interpretación de cancións pop e rock para aprende-la lingua inglesa utilizando a música e o canto e que incentiva a aprendizaxe da lingua mediante un recurso lúdico, motivador e de interese persoal no alumnado e que supón unha liberación ociosa fronte a tensión e a rixidez do estudo teórico-práctico dos contidos léxicos e gramaticais.

13. Os sitios e aplicacións web dos medios de comunicación de países angloparlantes fomentan unha visión realista, interactiva e productiva no proceso de aprendizaxe da lingua inglesa e supoñen un recurso real, auténtico e actual que colabora na educación do coñecemento da distintos temas relativos á sociedade e a cultura dos países angloparlantes e dalle visos de verosimilitude, actualidade e cotidianidade o estudo da lingua inglesa.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as sesións lectivas iniciais de curso, o profesorado ten prevista a realización dunha serie de probas que proporcionen unha perspectiva xeral das dificultades que ten cada discente ao comezo do curso. Analizaranse os niveis reais de cada discente nas os niveis reais de cada discente nas competencias propias de cada destreza.

A partir desta proba, poderemos axear a programación dun xeito obxectivo a hora de afrontar os contidos e o nivel propio de cada grupo.

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgunha dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo ( por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, etc.).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	65	65	65	65	65	65	65	65	65	<b>65</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	35	35	35	35	35	35	35	35	35	<b>35</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

- O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 30%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

2. **PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.3 + CA1.4 + CA1.5 + CA1.6 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9): 30%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. **LÉXICO E MORFOSINTAXE (CA1.1 + CA1.3 + CA1.4 + CA1.6): 30%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

4. **PLURILINGÜISMO, REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE E INTERCULTURALIDADE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3 + CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,75.

### **Criterios de recuperación:**

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

As probas que realiza todo o alumnado ao final da terceira avaliación engloban todo o traballado durante o curso. No caso de que non se aprobe a terceira avaliación, e tampouco se supere a materia pola media ponderada entre os tres trimestres, pero si se obteña unha nota igual ou superior a 5 nas últimas probas do curso, a materia considerárase recuperada. Porén, nunca se poderá obter unha cualificación final superior a 5. Por exemplo, se unha alumna ten un 4,3 no primeiro trimestre, un 5,4 no segundo e un 4,4 na media do terceiro (debido a cualificacións baixas nos parciais, en proxectos ou nos CA do bloque 3), pero na parte correspondente ás probas finais obtivo un 6, terá unha cualificación final de 5 na materia.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os primeiros trimestres do novo curso. A persoa docente do curso actual titorizará a realización de boletíns de carácter voluntario que faciliten a adquisición das competencias, pero que non contarán para a nota da pendente.

Unha cualificación positiva na primeira, segunda ou terceira avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

O alumnado tamén poderá superar a materia pendente nunha proba escrita de recuperación en xaneiro ou en abril elaborada e cualificada do seguinte xeito:

**1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2): 50%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

**2. PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA (CA1.4 + CA1.5 + CA1.6 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9): 20%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

**3. LÉXICO E MORFOSINTAXE (CA1.1 + CA1.3 + CA1.4 + CA1.6): 30%**

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

As notas trimestrais da materia pendente reflectirán os resultados acadados nas probas. Porén, a nota final da materia pendente nunca poderá ser superior a 5.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

**1. Principios xerais.**

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e motivación que desenvolve cada alumno ou alumna do curso. O profesor desenvolverá diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes das alumnas e os alumnos en función das súas necesidades concretas.

Como vías concretas de actuación podemos sinalar as seguintes:

- Conveniencia da interacción entre os alumnos como factor favorecedor da aprendizaxe. O traballo en grupo, alternado co individual pode ser utilizado con diferentes intencións para traballar diferentes niveis de dificultade.
- Organizar e presentar os contidos de forma interrelacionada con outras áreas dado que facilita a súa xeneralización e aplicación a situacións novas.

- Utilización de materiais didácticos variados e graduais en función da dificultade.
- Centrar a atención máis no proceso, que no resultado do alumno.
- Considerar a avaliación como un instrumento ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe, e non como a culminación do mesmo.

Todas estas actuacións levaranse a cabo mediante:

- Introducción- motivación, para favorecer o interese e participación dos alumnos na aprendizaxe.
- Diagnóstico de coñecementos previos, que permitan expresar os seus acertos e erros conceptuais.
- Consolidación, para contrastar e establecer relacións entre as novas ideas e as previas dos alumnos.
- De ampliación de autonomía que axuden á adquisición de destrezas relacionadas co aprender a aprender.

## 2. Alumnos con altas capacidades.

Segundo o establecido na ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, un alumno poderá ser adiantado un ano durante a etapa de secundaria.

A sobredotación intelectual dun alumno ou alumna deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente. Nela deberase prever que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para o desenvolvemento do equilibrio persoal e da socialización do alumno ou alumna.

O departamento de inglés promoverá a atención a estes alumnos ofrecendo material de ampliación que lles permita atopar unha motivación extra. Do mesmo xeito, faremos un seguimento que nos permita comprobar o grao de mellora que ofrecen estes alumnos

## 3. Alumnos con necesidades educativas significativas.

Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación do I.E.S.

De cada unha delas quedará constancia no departamento. Enténdese por estas as que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais e a consiguiente modificación dos respectivos criterios de avaliación.

Cando o Departamento de Orientación teña diagnosticados os alumnos con necesidades educativas especiais, o profesor respectivo establecerá as Adaptacións Curriculares máis adecuadas ás súas peculiaridades e características.

O departamento de Inglés fará fincapé en establecer unha serie de medidas e un seguimento especial a estes alumnos coa intención de que poidan superar a adaptación dun xeito progresivo e lóxico

## 4. Plans de reforzo e recuperación.

O persoal docente, segundo a casuística de cada grupo ou momento do curso, adoptará un plan de reforzo e recuperación personalizado a cada estudante, por iso as estratexias a levar a cabo son variadas e flexíbeis.

Porén, de maneira xeral as medidas a adoptar serán as seguintes:

- Detección de carencias e necesidades a partir da avaliación inicial:
- Será fundamental a coordinación dentro do departamento co fin de informar sobre as aprendizaxes esenciais non adquiridas o curso pasado. Este traspaso de información irá enfocado en dous bloques: por unha banda, información sobre que aprendizaxes non se traballaron o curso pasado; por outra banda, información individualizada sobre aqueles alumnos que pasaron de curso sin ter totalmente adquiridos os contidos traballados durante o curso pasado.
- Nas primeiras sesións se fará unha observación exhaustiva de cada alumno/a. Plantexaranse actividades ou probas que teñan como obxectivo detectar o nivel real de cada alumno nas competencias propias de cada destreza.
- Reforzo dos elementos curriculares e competencias non adquiridas no curso 2020/2021, o que implicará axustes curriculares ao longo do curso. Dada a natureza da nosa materia, cada vez que se aborda un novo aspecto da lingua, recóllese o visto no curso anterior e a partir de ahí avánzase. Neste curso, debido ás circunstancias nas que transcurriu o curso pasado e o anterior, antes de abordar cada contido se fará unha avaliación dos coñecementos previos, e este será reforzado ou incluso tratado como contido novo se é preciso, antes de avanzar coas explicacións e actividades propias do curso actual, de maneira que ningún discente poida quedar atrás.

- Repasos periódicos de reforzo dos contidos previamente traballados en clase.
- Estableceranse unhas actividades de reforzo para aqueles alumnos que o precisen, atendendo ás súas carencias e ás diferentes velocidades de adquisición de contidos.
- Atención individualizada a aquel alumnado con máis dificultades na realización de tarefas.
- Medidas metodolóxicas e organizativas: tarefas globalizadas, aprendizaxe cooperativa, as TICs como elemento didáctico e o fomento da auto-aprendizaxe e da capacidade crítica.

Se aplicando todas estas medidas se observa que para algún alumno en concreto non son suficientes, poderase aplicar un Reforzo Educativo, o cal poderá incluír a posibilidade da adaptación no formato das probas avaliábeis (tipos de exercicios, tempo, etc.), sempre sen modificar os contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación. A aplicación deste tipo de Reforzo Educativo aparecerá reflectido no boletín de notas.

#### 5. Programa de reforzo con atribución horaria.

O alumnado de 1º curso que accedese á Educación Secundaria Obrigatoria por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

O alumnado de 1º e de 2º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira.

A organización será de dúas horas semanais, adxudicadas ao mesmo departamento para levar a cabo un mellor seguimento dos alumnos durante ao curso.

Estes alumnos sí cursarán a materia de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés.

#### 6. Aula de convivencia.

No centro cóntase cun Aula de convivencia para atender aqueles alumnos cuxa conduta sexa disruptiva durante as clases. O funcionamento de esta aula está explicado no protocolo correspondente.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión oral e a comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e a expresión escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital: as TIC.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde.			X	X			X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.						X	X	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial.			X			X		
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico.			X		X			
ET.13 - A educación ambiental.					X			

	UD 9
ET.1 - A comprensión oral e a comprensión lectora.	X
ET.2 - A expresión oral e a expresión escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X
ET.4 - A competencia dixital: as TIC.	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X
ET.7 - A creatividade.	X
ET.8 - A educación para a saúde.	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial.	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.13 - A educación ambiental.	X

**Observacións:**

As unidades didácticas caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de Halloween	Organización dun concurso de Halloween que poderá ser un concurso literario de relatos de terror e medo ou un concurso tipo quiz coa temática de Halloween.	X		
Concurso de Videofelicitacións de Nadal	Organización dun concurso de felicitacións de Nadal en formato video na que o alumnado do noso IES pode recrear unha felicitación en lingua inglesa, aínda que non se descarta o uso das linguas vehiculares e/ou doutras linguas estranxeiras de	X		
"Christmas Jumper Day"	Celebración dunha actividade benéfica lúdico-festiva que ten como último obxectivo a recaudación testemuñal de fondos para a ONG "Save The Children", na que o alumnado participará en diversas actividades creativas e festivas de carácter interdisciplinar, concursos, competicións e espectáculos que, ao mesmo tempo, nos sirvan para introducir o elemento solidario da celebración destas datas na cultura anglosaxona.	X		
Teatro ou Maxia en Lingua Inglesa	Representación dunha obra teatral ou dun espectáculo de maxia en Lingua Inglesa adaptada ao nivel potencial do alumnado de 1º ESO (A1-A2), que se introducirá na aula con actividades introductorias previas á representación e actividades posteriores para o recoñecemento e avaliación do nivel de comprensión acadado polo alumnado.		X	
Programa de radio ou podcast para a Radio Escolar do Concello.	Creación, produción e realización dun programa de radio ou podcast para a Radio Escolar do Concello en inglés elaborado preferentemente polo alumnado do IES que sirva para a difusión de contidos culturais e educativos da nosa materia e que podan relacionarse co noso IES e o do Concello ou interrelacionarse con outras materias do currículo..		X	X
Proxecto Interdisciplinar	Participación interdisciplinar na celebración dun espectáculo músico-teatral con alumnado de tódolos niveis educativos do noso IES e no que se realizarán diversas actividades culturais, creativas e recreativas.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxecto "E-Twinning"	Posibilidade aberta dunha participación do noso departamento na introdución dun proxecto de E-Twinning, xunto con outros departamentos lingüísticos, o que abriría a posibilidade de traballar conxuntamente con outros centros educativos europeos.	X	X	X

**Observacións:**

Todas estas actividades programadas poderán verse modificadas, reformuladas ou suprimidas en último termo en función das circunstancias e o desenrolo do curso académico.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe..
21. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
26. Adecuación, logro da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
23. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
24. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
28. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Metodoloxía empregada
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
12. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
13. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
16. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
17. Combínase o traballo individual e en equipo.
18. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
19. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.



Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
20. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
22. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Medidas de atención á diversidade
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
14. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
15. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
27. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
Clima de traballo na aula
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado para procurar a implicación das familias no traballo do alumnado.
25. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

#### Descrición:

Clave:

- 1 (Nunca)
- 2 (Ás veces)
- 3 (Normalmente)
- 4 (Sempre)

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica,

referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**